

RESOLUCIÓN REITORAL, DO 8 DE XULLO DE 2022, POLA QUE SE CONVOCAN CURSOS DE FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA PARA O 1.º CUADRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2022/2023

A Universidade de Vigo publica a convocatoria de cursos de formación en lingua galega do primeiro cuadrimestre do curso académico 2022/2023 para a comunidade universitaria, organizados e xestionados pola Área de Normalización Lingüística. Esta convocatoria realízase ao abeiro do Convenio de colaboración en materia de normalización lingüística entre a Universidade de Vigo e a Xunta de Galicia.

Denominación: cursos de lingua galega

Listaxe de cursos convocados

- Curso de iniciación á lingua galega
- A calidade lingüística no teu TFG ou TFM
- Avanza co galego
- Curso de linguaxe administrativa e xurídica
- Os erros máis frecuentes na lingua galega
- Corrección da escrita coas TIC

Persoas destinatarias: comunidade universitaria

Datas de celebración: durante os meses de outubro, novembro e decembro de 2022

Lugar de celebración: cursos en liña

Duración dos cursos

- Curso de iniciación á lingua galega: 40 horas
- A calidade lingüística no teu TFG ou TFM: 30 horas
- Avanza co galego: 40 horas
- Curso de linguaxe administrativa e xurídica: 40 horas
- Os erros máis frecuentes na lingua galega: 30 horas
- Corrección da escrita coas TIC: 30 horas

Coordinación académica

A vicerreitora de Extensión Universitaria



CSV : GEN-8d01-e2ce-46f2-6cbe-570d-2100-cb3a-5d5d

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pt/valida>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBORDA MORILLO | FECHA : 08/07/2022 14:48 | NOTAS : F

Número de participantes por grupo

Establécese un número mínimo de 15 persoas preinscritas nos cursos; de non se acadar ese número, o curso poderá anularse, e así se lles notificará ás persoas preinscritas. O número máximo de prazas é de 30.

Consignación orzamentaria

Os gastos derivados da impartición da docencia e da elaboración dos materiais didácticos e docentes imputaranse na partida orzamentaria de Normalización Lingüística 2022 0000 421SNL 226.06.

Prazo de inscrición

Do 5 ao 23 de setembro de 2022 a través da plataforma virtual bubela.uvigo.es. Así mesmo, o citado prazo pecharase a medida que se cubran as prazas por rigorosa orde de preinscrición.

Matrícula

A matrícula será gratuíta.

Avaliación

Nos cursos requírese realizar o 100 % das actividades, das cales hai que superar o 80 %, ademais do correspondente exame final.

Diploma

No diploma acreditativo constará o nome do curso, modalidade de impartición, duración e programa.

Créditos

Todos os cursos están recoñecidos con créditos ECTS.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR do 22 de xuño de 2022 (DOG 06/07/2022)

A vicerreitora de Extensión Universitaria

Susana Reboreda Morillo

(asinado dixitalmente)



CSV : GEN-8d01-e2ce-46f2-6cbe-570d-2100-cb3a-5d5d

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pt/valida>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBORDA MORILLO | FECHA : 08/07/2022 14:48 | NOTAS : F